

ANOREXIA

Mírome no espello
e non me vexo ben
véxome moi gorda
e non sei que vou facer

Case non comía
por non engordar
e cando o facía
ía vomitar

Ti non estás gorda
estás moi ben así
non te obsesiones
ou te vas a arrepentir

Por máis que lle decían
que estaba moi delgada
o maldito espello
nunca llo amosaba

E se como menos
podo adelgazar
e quizais me vexa
espectacular

Co paso do tempo
ela enfermou
e con poucos quilos
na UCI ingresou

E se comes menos
podes enfermarse
e de que che vale
se te poden ingresar

Agora un bo consello
eu che quero dar
non te obsesiones
con adelgazar

Estádevos tranquilos
nada vai pasar
ben sei o que fago
e non vou a enfermarse

Se che pasa isto
déixate axudar
porque a anorexia
pódete matar